

**ACTA NÚMERO: 22/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 10 DE XUÑO DE 2022.**

No despacho do Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio no Pazo Provincial sendo as 11 horas e 30 minutos do día 10 de xuño de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. *Aprobación da acta da reunión anterior do día 2 de xuño de 2022 (Reunión 21/2022).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Vive Nigrán, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade convocado para a contratación do patrocinio publicitario do Festival "Vive Nigrán 2022", a celebrar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022 no Concello de Nigrán (Expte.- 2022008542).*
3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-3302 mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de O Rosal)". (Expte.- 2022008542).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento e da Escola de Enfermería. (Expte.- 2022017550).*
5. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)" (Expte.- 2021050993).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)" (Expte.- 2021050993).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro,



económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

**1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 2 de xuño de 2022 (Reunión 21/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior do día, 2 de xuño de 2022 (Reunión 21/2022).

**2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Vive Nigrán, S.L. para optar á adxudicación do procedemento negociado sen publicidade por exclusividade convocado para a contratación do patrocinio publicitario do Festival “Vive Nigrán 2022”, a celebrar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022 no Concello de Nigrán (Expte.- 2022008542).**

Por Resolución Presidencial número 2022004256 de data 02/06/2022, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio publicitario do Festival Vive Nigrán 2022, a celebrar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022 no municipio de Nigrán.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa VIVE NIGRAN S.L. (B27846476) a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 02/06/2022.

A empresa VIVE NIGRAN S.L. (B-27846476) presentou a proposición con data 07/03/2022 e unha vez examinada a documentación, a sociedade resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	24.000,00 €
IVE (21 %)	5.040,00 €
Importe ofertado con IVE	29.040,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa VIVE NIGRAN S.L. (B-27846476) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do patrocinio publicitario do Festival Vive Nigrán 2022, a celebrar os días 15, 16 e 17 de xullo de 2022 no municipio de Nigrán.



**3. Proposta de adjudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-3302 mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de O Rosal)". (Expte.- 2022008542).**

Por Resolución Presidencial número 2022003180 aprobouse o expediente de contratación para a adjudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria na EP- 3302 mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de O Rosal)" cun orzamento base de licitación de 63.019,69 € IVE incluído.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 26/05/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-3302 mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de O Rosal)"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- API MOVILIDAD, S.A.
- NAROM, S.L.
- BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
API MOVILIDAD, S.A.	38.936,79 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	48.993,91 €	3%	36 MESES	SI	SI
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	40.619,06 €	3%	36 MESES	NO	NO

A continuación procedeuse á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada por API Movilidad, S.A., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiña valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da Mesa para que procedera a requirir á citada empresa para que xustificara a súa oferta e precisara as condicións da mesma, en particular no que se refería ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispuxeran para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, Api Movilidad, S.A., xustificou a súa oferta, dando traslado da mesma ós Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, para que



emitiran informe. Con data 06/06/2022 emitiu informe o xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas, recollendo que a xustificación presentada pola empresa API Movilidad S.A. NON xustifica de forma correcta a oferta económica desproporcionada (baixa temeraria) presentada pola mesma, e NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra no proceso de adxudicación da obra.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONÓMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
NAROM, S.L.	21,04	5	5	5	36,04
BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	75,00	5	5	0	85,00

A Mesa de Contratación acorda:

- Propor ó órgano de contratación, excluír do procedemento a oferta presentada pola empresa API Movilidad, S.A., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
- Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do contrato de obras "*Mellora da seguridade viaria na EP-3302 mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de O Rosal)*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN "TOTAL"
1ª	BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	85,00
2ª	NAROM, S.L.	36,04

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria na EP-3302 mediante a instalación de barreiras de seguridade (Concello de O Rosal)*" á empresa Barreras de Seguridad, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....40.619,06 €  
 IVE (21%) .....8.530,00 €  
 Importe Total ..... 49.149,06 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a Barreras de Seguridad, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citados rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Barreras de Seguridad, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
  - a) Compromiso da ou do licitador de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficientes.
  - b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 2.030,95€

**4. Apertura electrónica dos sobres “únicos”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento e da Escola de Enfermería. (Expte.- 2022017550).**

O Secretario informa que por Resolución Presidencial nº 2022003926 de data 20 de maio de 2022 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de colaboración coa Intervención Provincial na realización da auditoría de contas do consorcio provincial contra incendios e salvamento da escola de enfermería.

Con data 23 de maio de 2022, publicouse no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, a resolución de aprobación do expediente e os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentarónse as seguintes empresas:

- BM NEIRA AUDITORES S.L.P. (B-32.468.647)
- NETADIA EUROPA S.L.P. (B-91.857.870)

O valores ofertados foron os seguintes:

**BM NEIRA AUDITORES S.L.P. (B-32.468.647)**

**1. Prezo ofertado sen IVE:**

Prezo Auditoría Consorcio Provincial sen IVE	3.390,00€/ano
Prezo Auditoría Escola Enfermería sen IVE	1.980,00€/ano
Prezo total ofertado sen IVE	5.370,00€/ano

2. **Experiencia da socia ou socio auditora**, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo, nos últimos 10 anos: 57 nº de traballos
3. **Experiencia da xefa ou xefe auditor**, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo, nos últimos 10 anos: 17 nº de traballos

**NETADIA EUROPA S.L.P. (B-91.857.870)**

**1. Prezo ofertado sen IVE:**

Prezo Auditoría Consorcio Provincial sen IVE	2.850,00€/ano
Prezo Auditoría Escola Enfermería sen IVE	1800,00€/ano
Prezo total ofertado sen IVE	4.650,00€/ano

2. **Experiencia da socia ou socio auditora**, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo, nos últimos 10 anos: 39 nº de traballos





- 3. Experiencia da xefa ou xefe auditor,** como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo, nos últimos 10 anos: 38 nº de traballos

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, a puntuación obtida polas empresas é a seguinte:

Criterios Automáticos	BM NEIRA	NETADIA
Precio	12,98	44,23
Experiencia da socia ou socio auditora, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo, nos últimos 10 anos	25,5	17,44
Experiencia da xefa ou xefe auditor, como socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo na realización de traballos de auditoría de contas de entidades públicas con orzamento limitativo, nos últimos 10 anos	11,40	25,5
<b>TOTAL</b>	<b>49,88</b>	<b>87,17</b>

A Mesa de Contratación acorda:

- Admitir as seguintes empresas do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo:
  - BM NEIRA AUDITORES S.L.P. (B-32.468.647)
  - NETADIA EUROPA S.L.P. (B-91.857.870)
- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	NETADIA EUROPA S.L.P	87,17
2ª	BM NEIRA AUDITORES S.L.P	49,88

- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de colaboración coa Intervención provincial na realización da auditoría de contas do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento e da Escola de Enfermería, a empresa NETADIA EUROPA S.L.P. que alcanzou a maior puntuación de 87,17 puntos.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria, figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que está debidamente constituída e non está incursoa en ningunha prohibición de contratar.

- Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que proceda a requirirle a empresa proposta como adxudicataria mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles, presente o resto de documentación



esixida, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

a). Certificación acreditativa de estra inscritos no Rexistro Oficial de Auditores de Contas do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas (ROAC). A inscrición no ROAC constitúe requisito obrigatorio para o exercicio da actividade auditora.

b). Documentación acreditativa do cambio de denominación da empresa, (antes Servicios empresariales arquimedes slp,) agora Netadia Europa SLP.

c). Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica:.

- Solvencia económica e financeira

Deberase acreditar un volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato/lote (valor anual medio se a duración é superior a un ano).

O volume anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

-Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou o licitador deberá presentar os seguintes documentos:

<input checked="" type="checkbox"/>	<p>Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privado, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).</p> <p>Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.</p>
-------------------------------------	---





	O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato (lote), ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato (lote).
<input checked="" type="checkbox"/>	Documentación acreditativa de abscibir a execución do contrato o seguinte equipo humano: <ul style="list-style-type: none"> <li>- dúas (2) auditoras ou auditores con experiencia mínima de 5 anos na categoría de auditor/a.</li> </ul>

Nos contratos de servizos, cando a contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo como tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a relación de servizos substituirase por:

Contar co seguinte persoal: dúas auditoras ou auditores, con experiencia mínima de 5 anos na categoría de auditor/a.

- d) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por importe de: 232,50€.
- e) Documentación acreditativa da experiencia que se recolle na oferta e se valora (socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo e socio/a auditor/a ou xefe de equipo) tal e como indica o punto 9.1 do Prego administrativo.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que a empresa licitadora retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3 % do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadarlle a mesma documentación á ou ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

5. Que os puntos 2 e 3 deste acordo referentes á aprobación da clasificación das ofertas presentadas polas empresas e a proposta de adxudicación deste procedemento aberto simplificado a favor da empresa Netadia Europa, S.L.P., quedan condicionados a que esta empresa presente a xustificación da experiencia ofertada (socio/a auditor/a ou xefe/a de equipo e socio/a auditor/a ou xefe de equipo), así como o cumprimento do requirimento da demais documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**5. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)" (Expte.-2021050993).**



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 29 de abril de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "*Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Asistencia y Soluciones de Arquitectura e Ingeniería, S.L.
- Construcciones Ramírez, S.L.
- Covisam Norte, S.L.

A Arquitecta, Dona Ana Isabel Couto Pérez e a Arquitecta Técnica, Dona María José Fernández Lamas, con data 7 e 9 de xuño de 2022, emitiron os correspondentes informes conxuntos relativos a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS	TOTAL SOBRE A
COVISAM NORTE, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	18,00	2,00	20,00
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	22,00	0,00	22,00

A Mesa de Contratación en base ós informes conxuntos da Arquitecta, Dona Ana Isabel Couto Pérez e da Arquitecta Técnica, Dona María José Fernández Lamas, de datas 7 e 9 de xuño de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*".



**6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)" (Expte.-2021050993).**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
COVISAM NORTE, S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	20,00
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	22,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
COVISAM NORTE, S.L.	287.980,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	305.310,12 €	1%	18 MESES	SI	SI
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	297.987,60 €	2%	36 MESES	SI	NO

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:



LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
COVISAM NORTE, S.L.	19,88	5,00	5,00	5,00	34,88
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	0,59	0,00	1,25	5,00	6,84
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	9,66	2,50	5,00	2,50	19,66

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do contrato de obras "*Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	COVISAM NORTE, S.L.	25,00	34,88	59,88
2ª	ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	22,00	19,66	41,66
3ª	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	20,00	6,84	26,84

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio*" á empresa COVISAM NORTE, S.L. (C.I.F. B-70416011), de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....287.980,00 €  
 IVE (21%) .....60.475,80 €  
 Importe Total .....348.455,80 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa COVISAM NORTE, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación,



capacidade e solvencia económica recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa COVISAM NORTE, S.L. mediante comunicación electrónica para que aporte no prazo de sete días hábiles, a contar dende o día seguinte a notificación do requirimento, a seguinte documentación:
  - Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 14.399,00 €

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e corenta e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

